



CON A DE ASTRÓNOMAS

Unha visión do Cosmos na fin do camiño das estrelas

Colexio de Fonseca (Santiago de Compostela)
19 de marzo-29 de abril

Martes a Sábado de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:30
Domingos e festivos de 11:00 a 14:00. Luns pechado.



Os paneis poden descargarse en www.astronomia2009.es

Para máis información sobre a exposición completa, incluíndo paneis, interactivos e atrezzo, contactar con 100hores@am.ub.es

Para concertar visitas guiadas:

Tel: 981 55 44 00. Mail: dptoeducacion@santiagodecompostela.org



Ecos de luz da estrela variable V838 Monocerotis, arriba, e disco circunestelar da estrela HD 107146, abaixo. Fotos do telescopio espacial Hubble.



M51 ou galaxia espiral do Remuíño. Foto tomada polo telescopio espacial Hubble en 2005.

Mulleres mirando o ceo

Esta é unha aventura dobre. Por unha banda, a exposición "Con A de Astrónomas" permite mergullarse na ciencia da Astronomía. Galaxias, estrelas, planetas, cometas... O denso e misterioso río de estrelas que as persoas que peregrinan ven no ceo, e que transcorre paralelo ao Camiño de Santiago. Os obxectos que poboan o Cosmos son os seus protagonistas, como tamén o son os miles de mulleres que investigaron sobre eles.

En todas as épocas da historia atopámonos con astrónomas que dedicaron os seus días, e as súas noites, ao estudo dos corpos celestes. Esta mostra lembra a moitas delas, desde Aglaonike, que predicía eclipses de Lúa na Grecia clásica, a Caroline Herschel, que descubriu cometas e estudou as estrelas binarias no século XVIII. E tamén a moitas investigadoras que na actualidade son punta de lanza na vangarda desta ciencia. Por todo iso "Con A de astrónomas" permítelle a quen a visita darse un paseo pola historia, polos observatorios de todo o mundo, polos centros de investigación astrofísica e, sobre todo, móstralle o Universo e os seus maravillosos obxectos.

Unha mostra para asombrarse

"Con A de astrónomas" é unha iniciativa do grupo Ella es una astrónoma, formado por profesionais do campo da astronomía, a filosofía, a historia e o ensino, e un dos máis importantes proxectos do Ano Internacional da Astronomía 2009. A mostra componse, en realidade, de tres exposicións diferentes. Calquera institución ou entidade que desexe organizar a exposición ten ao seu dispor os paneis físicos. Así mesmo, na versión completa da mostra estes paneis complementáanse cunha serie de mobles interactivos que incorporan modernas técnicas museísticas e que se acompañan de material de atrezzo (réplicas de instrumentos antigos e estatuas) utilizado na película Ágora, dirixida por Alejandro Amenábar, que narra a vida de Hipatia de Alexandría.

Para máis información, contactar con 100hores@am.ub.es.

Ademais, os paneis están libremente dispoñibles en liña en www.astronomia2009.es. Neste mesmo enderezo, os profesionais do mundo do ensino dispoñen dunha serie de apuntamentos pedagóxicos que serven de complemento a esta exposición.

